

# Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 52

ano 8

maio-xuño 2014

## 250 aniversario do Padre Feijoo (III) A OBRA DUN INCONFORMISTA ILUSTRADO


O 3 de setembro de 1726 na portaría do mosteiro madrileño de San Martín comezouse a vender o primeiro tomo do **Theatro crítico universal**, o *Discursos varios en todo género de materias para desengaño de errores comunes*. Tras aquel tomo chegarían outros oito e un suplemento, publicado en 1740. Con esa magna obra comeza, a xuízo da posteridade, o século XVIII literario español. O seu serodio autor era o ourensán Benito J. Feijoo, monxe bieito no **mosteiro de San Vicente de Oviedo**, quen daquela entraba na cincuentena.

O propósito do *Teatro*, parcialmente expresado no título, quedaba recollido con claridade no prólogo do autor: “Tan lejos voy de comunicar especies perniciosas al público, que mi designio en esta Obra es desengañarle de muchas, que por estar admitidas como verdaderas, le son perjudiciales; y no sería razón, cuando puede ser universal el provecho, que no alcanzase a todos el desengaño”.

Ao *Theatro Crítico* darían continuación os cinco tomos das **Cartas eruditas, y curiosas** (1742-1760). Entre ambas as dúas obras sumaban 280 escritos relativos ás máis variadas materias, dentro do enciclopédico xénero denominado “**Literatura mixta**”: desde a filosofía ata a música, pasando pola economía, a xeografía, a historia, a educación, a política, a física, e as matemáticas, entre outras.

No ano 1733 aparecía o tomo quinto do *Theatro* que ilustra este número de Fronda. Como sinala o autor no prólogo, a súa publicación producíase pouco despois de que o “íntimo amigo” **Fr. Martín Sarmiento**, compañeiro de orde, sacase á luz a súa **Demostración Crítico-Apologetica del Teatro Crítico Universal**, en defensa da obra do P. Feijoo. Era a constatación do que este auguraba no prólogo do primeiro tomo: “Estoy esperando muchas impugnaciones (...): y aun algunos me previenen, que cargarán sobre mí injurias y dietorios”. A continuación da loa dedicada a Sarmiento, o tomo quinto do *Theatro* recollía dezasete discursos que trataban desde temas matemáticos a cuestións políticas, pasando pola historia, a alquimia ou as tradicións populares. Entre os distintos escritos, destaca o titulado “El Aforismo exterminador”, que criticaba unha “sentencia capital” de Hipócrates que “quitó la vida a más

de cien millones de hombres”, e que dicía que “cuando el Médico obra en todo conforme a razón, aunque el suceso no corresponda a su deseo, no ha de mudar el modo de curación, sino insistir o proseguir en el que al principio juzgó conveniente”. Feijoo, na contra, xustificaba a necesidade de mudar o rumbo dunha cura conforme o que ditase a experiencia. Isto ía en consonancia co **pensamento crítico** que emerxía entre os círculos intelectuais, especialmente entre os defensores da *Medicina Escéptica*, como **Martín Martínez**.



FEIJÓO, Benito Jerónimo (1676-1764)

**Teatro crítico universal o Discursos varios en todo género de materias para desengaño de errores comunes** / escrito por ... Benito Jerónimo Feijóo y Montenegro...; tomo quinto. – Nueva impresión en la qual van puestas las adiciones de los suplementos en sus lugares

En Pamplona: En la Imprenta de Benito Coscolluela, 1735. XLVIII, 432 p.; 4º

AHPOu. Biblioteca auxiliar. Fondo antigo.

## “Todo es Crítica, todo Instrucción”: a obra inconformista do Padre Feijoo

“Pues no podía mirar mi empresa sino como extremadamente ardua, extraordinaria, peligrosa. Combatir errores envejecidos es lidiar con unos tan raros monstruos que, en vez de debilitarlos la senectud, les aumenta el vigor... ¡Oh, cuántos sarcasmos me atrajo esta noble empresa!” (Cartas, t.IV, 1753). Estas palabras do P. Feijoo daban conta das **dificultades de aceptación** que tiña a súa obra crítica no contexto intelectual ibérico da primeira metade do século XVIII.

Nas súas obras o Padre Feijoo criticaba o **atraso científico** de España no contexto europeo, difundindo os avances que se daban no resto do continente. Tamén procurou corrixir moitos “erros comúns”, entre eles **supersticións** e supostos milagres que tiñan a súa explicación en causas naturais.

O monxe bieito mostraba con contundencia a existencia frecuente de intereses espurios tras os que consideraba **falsos milagres**. “¡Cuántos párrocos, por interesarse en dar fama milagrosa a alguna imagen de la iglesia, le atribuyen milagros, que no ha habido! (...) Abominable será (...) la ficción (...) si no la disculpa la ignorancia. (...) Pero más abominable será si procede del motivo de algún interés temporal, como sin duda sucede algunas veces”.

O “Padre Maestro” defendeu a **igualdade** entre os distintos pobos e nacións, e tamén tivo o “empeño de establecer la igualdad intelectual de los dos sexos”. Preocupouse pola **mellora da agricultura** e da **educación dos labregos**. E criticou duramente aos nobres ociosos, considerando que as persoas que ocupasen cargos públicos habían de demostrar capacidade e mérito persoal.

Sen saír da ortodoxia relixiosa, o Padre Feijoo foi un pensador moi avanzado para o seu tempo e os seus escritos son unha mostra paradigmática do pensamento crítico moderno que naceu coa **Ilustración**. A súa obra invita a toda persoa a pensar por si mesma sen admitir ningunha autoridade que contradiga o imperio da razón.

## Antagonistas e defensores: a recepción da obra


As ideas do Padre Feijoo non deixaban indiferente a ninguén. Recibiu **ataques** tanto dos inmovilistas como dos círculos ilustrados que o consideraban pouco rigoroso. Incluso tivo que defenderse da vixilancia da **Inquisición** que censurou algunha pasaxe dos seus escritos.

Entre os seus antagonistas estivo o gaditano **Salvador José Mañer**, quen publicou en 1729 o primeiro tomo dun **Anti-Theatro Crítico** (V tomos), co fin de impugnar moitas das afirmacións do Teatro Crítico. O P. Feijoo defendeuse coa súa **Ilustración apologética**. Parece que Mañer acabaría sendo “uno de los veneradores del ilustrísimo Feijoo” (Cambiaso).

Outros dos que se mostraron molestos foron os franciscanos pola presunta animadversión ás ideas de Ramón LLul do bieito. Entre os membros desa congregación estaba **Francisco Soto Marne**, que, en 1748,

publicou as **Reflexiones crítico-apologéticas sobre las obras del RR. P. Maestro Fr. Benito Geronimo Feijoo**. Soto Marne procuraba mostrar a veracidade do milagre das camiñantes flores de San Luis del Monte. Feijoo defendeuse de Soto Marne coa súa **Justa repulsa de inicuas acusaciones** (1749).

A pesar dos ataques, o monxe de Casdemiro recibiu tamén importantes **apoios**. Por unha banda, foi defendido por eruditos da época, como o **Padre Sarmiento**, o seu máis fiel e directo colaborador, que publicou



Portada do exemplar do tomo IV da obra do P. Feijoo *Cartas eruditas y curiosas*, conservado no Arquivo Histórico Provincial de Ourense

a **Demostración crítico-apologética del Theatro Crítico** (1732). E por outra banda, o Padre Feijoo soubo buscar a protección dos poderosos, o que propiciou que no ano 1750 o rei **Fernando VI** prohibise os ataques ás súas obras.

Os seus escritos gozaron de grande éxito na súa época, en boa medida por un estilo ameno e natural, que o converteu no **pai do ensaio moderno**. Despois do seu pasamento continuou a excelente difusión da súa obra; ata o punto de que hai quen estima que alcanzou a cifra dun millón de lectores no século XVIII, o que o convertería nun **"superventas"** da súa época.

“Todo es Crítica, todo Instrucción”, dicía, consciente do seu papel de “desengañador” na procura do proveito colectivo. Este posicionamento de radical modernidade levouno á busca da verdade sen temor a cuestionar lugares comúns e ideas falsas enraizadas na sociedade do seu tempo. Hoxe os seus postulados críticos seguen vixentes; independentemente de que os contidos concretos dos seus traballos fosen superados por avances científicos posteriores.